



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: Listaxe de solicitudes admitidas e excluídas para a contratación de 1 Técnico/a axente de igualdade (persoal funcionario interino) ao abeiro dun programa temporal de de duración determinada.

Departamento Recursos Humanos

EXPEDIENTE: 2024/E001/000010

Logo de ver que rematou o prazo de presentación de solicitudes para participar no procedemento selectivo da contratación do persoal funcionario interino de 1 técnico/a axente de igualdade ao abeiro dun programa temporal e de duración determinada, cuxa convocatoria e bases foron aprobadas por decreto de alcaldía 663/2024 de data 29 de abril de 2024, publicadas no BOP o día 3 de maio de 2024 e cuxo prazo de presentación de instancias rematou o 10 de maio.

E de ver o informe da Técnica de Recursos Humanos referente á relación de persoal aspirante e os documentos que presentan.

O alcalde ostenta a atribución para resolver estas cuestións, ao abeiro do artigo 21.1 da LBRL e demais lexislación.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1.- Aprobar a listaxe do persoal admitido e excluído nos seguintes procesos selectivos:

1 Técnico/a axente de igualdade

Solicitudes admitidas:

<u>Apelidos e nome</u>	<u>Rexistro entrada</u>	<u>Proba de galego</u>	<u>DNI</u>
Pérez Davila, Amara	202499900001016 (07/05/2024)	Exenta	***1705**
Mosconi Cadillo, Ana	202499900001058 (10/05/2024)	Exenta	***8109**

Solicitudes excluídas:

<u>Apelidos e nome</u>	<u>Rexistro entrada</u>	<u>Causa de exclusión</u>	<u>DNI</u>
Canosa Toba, Antía	2002 (08/05/2024)	Non presenta a titulación esixida segundo as bases que regulan a convocatoria	***7145**
Fernández Feliz, Elisa	202499900001035 (09/05/2024)	Non acredita o requisito específico de 500 horas en formación especializada en material de igualdade de xénero ou violencia de xénero	***7073***

Lorenzo Calviño, Eva	202499900000971 (03/05/2024)	A instancia está presentada fóra de prazo	***5629**
----------------------	---------------------------------	---	-----------

2.- Atendendo ao informe da Técnica de Recursos Humanos e tendo en conta que a causa de exclusión non é subsanable por non estar en posesión dos requisitos mínimos que se esixen nas bases que regulan a convocatoria; elevar a definitiva a listaxe provisional de persoal aspirante admitido e excluído.

3.- Designar nominativamente aos membros do tribunal cualificador para levar a cabo a fase de concurso-oposición tal e como se regula nas bases que rexen o proceso de selección.

Presidenta:

-Luz María Vieito Díaz, funcionaria de carreira do Concello de Santa Comba, ou persoa que a substitúa.

Vogais:

-M^a Jesús Pérez Vila, persoal laboral fixo do Concello, ou persoa que o substitúa.
-M^a Esther Vázquez Rilo, persoal laboral fixo do Concello, ou persoa que o substitúa.
-María José Martínez Maneiro, persoal laboral fixo do Concello de Santa Comba, ou persoa que a substitúa.

Secretario do Tribunal:

-Francisco Javier Ulloa Arias, funcionario habilitado nacional do Concello de Santa Comba, en comisión de servizos, ou persoa que o substitúa.

4.- Publicar a listaxe de solicitudes admitidas e excluídas e a composición do tribunal cualificador conforme ás bases que regulan o proceso de selección.

5.- Convóquese ao tribunal cualificador para a constitución do tribunal de selección e levar a cabo a fase de concurso o venres 31 de maio de 2024 ás 15:00 horas e a fase de oposición o 3 de xuño de 2024 ás 15:00 horas na Casa do Concello (praza do Concello, s/n) Santa Comba.
Acudir provisto de DNI ou documento fidedigno acreditativo e bolígrafo azul.

6.- Dar traslado deste decreto, aos membros designados.

7.- Dar conta ao Pleno da Corporación municipal na primeira sesión que se celebre.

Santa Comba,

O alcalde,

Dou fe, A Secretaria xeral

Alberto Romar Landeira

Cristina Alonso Losada